


Practicamos a empatía histórica: a sociedade feudal

Imaxina que vives no século X d.C na Alta Idade Media, e que formas parte desa pirámide feudal da que falamos na clase. A continuación, escribe un texto no que **defendas os dereitos e deberes do teu grupo ou estamento**, apostando por manter esa pirámide social, ou ben defendendo que a sociedade necesita un cambio para ser máis xusta.



Extensión do texto: mínimo 8 liñas.

Na seguinte páxina atoparás o grupo ó que pertences...



FORMAS PARTE DA NOBREZA

1. A nobreza pode dividirse entre alta e baixa, ambos os grupos gozan de privilexios.
2. Este grupo ocúpase sobre todo da actividade militar, loitando nas guerras.
3. As mulleres nobres dedicábanse á educación dos fillos e administraban os bens en ausencia do seu esposo.
4. A nobreza aliméntase de todo tipo de produtos.
5. A nobreza vive en castelos, normalmente situados no medio do feudo.
6. Desta forma, gozades de privilexios que vos diferencian do resto da poboación, o cal considerades algo natural.
7. **Non estades a favor de cambiar a sociedade**, posto que funcionaben tal cal está.